



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE SANIDAD, CONSUMO Y BIENESTAR SOCIAL

ONT



Estimados compañeiros e amigos, como directores de programa temos o pracer de darvos a benvida á I Edición do Programa de Doazón en Asistolia Controlada que celebraremos o 23 de novembro en Santiago de Compostela.

Nas últimas décadas España está a desenvolver unha actividade extraordinaria de doazón e transplante, ata o momento maioritariamente fundamentada na doazón de persoas falecidas en situación de morte encefálica. Sen embargo, pese a ser unha actividade de transplante que practicamente alcanzou os 113 procedementos por millón de poboación (pmp) no ano 2017, dita actividade é insuficiente para cubrir as necesidades de transplante da nosa poboación.

A redución da mortalidade relevante para a doazón de órganos (mortalidade por tráfico e por enfermidade cerebrovascular), unida a cambios na atención ao paciente crítico en xeral e neurocrítico en particular, está determinando un descenso progresivo na potencialidade de doazón en morte encefálica no noso país.

Do anterior, derivase a necesidade de desenvolver fontes alternativas á doazón de órganos de persoas en morte encefálica. En concreto, a doazón en asistolia controlada (DAC), en crecente expansión en diversos países do noso entorno, e en España, que xa se consolida coma unha estratexia imprescindible á hora de asegurar a dispoñibilidade de órganos para transplante.


Feliz xornada,

Vigo, 26 de setembro de 2018

Presidente da Asociación Gallega de Anestesia, Reanimación y Terapéutica del Dolor



Dr. Rafael Cabadas Avión



Coordinadora Autónoma de Transplantes de Galicia

Coordinación Bouzas Caamaño

axencia \* doazón \* órganos \* sangue

Coordinación Autónoma de Transplantes

Edif. Administrativo San Lázaro, s/n | P.15704 | Santiago de Compostela

Email: [transplantes.ados@sergas.es](mailto:transplantes.ados@sergas.es) | Web: [www.ados.es](http://www.ados.es) | Teléfono: (0034) 881 542 863 / Fax: 881 548 691